

# Mouriscados fomenta o turismo rural co apoio da Dirección Xeral de Turismo

Os veciños desta parroquia apostan pola posta en valor do patrimonio etnográfico asociado ao río Xabriña

REDACCIÓN/MONDARIZ

O Director Xeral de Turismo da Xunta de Galiza, Rubén Lois, a Delegada Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Montserrat Prado, e o Xefe do Servizo de Turismo, acompañados dos concelleiros do BNG de Mondariz, efectuaron unha visita na tarde do pasado sábado á área recreativa de Campo do Río, un espazo natural de singular beleza situado á beira do río Xabriña, donde se levou a cabo unha intensa labor de rehabilitación dun conxunto de catro muiños e unha ponte que datan do século XVIII.

A Dirección Xeral de Turismo financiou os traballos cunha aportación de 30.000 euros, en virtude dun convenio específico de colaboración subscrito entre os veciños de Mouriscados e o Conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco.

Esta actuación constitúe a

primeira fase dun proxecto máis ambicioso que contempla a rehabilitación dun total de trece muiños emprazados na parroquia de Mouriscados, realizando posteriormente un traballo en rede con outros colectivos veciñais, entidades locais, e a Asociación Galega de Amigos dos Muiños, que permita establecer un itinerario fluvial de longo percorrido ata a desem-

**E**sta actuación constitúe a primeira fase dun proxecto máis ambicioso que contempla a rehabilitación dun total de trece muiños en Mouriscados

bocadura do Xabriña na vila termal de Mondariz-Balneario.

Rubén Lois, que visitou previamente outras actuacións de rehabilitación de muiños reali-

zadas nas parroquias de Lougares, Mondariz e Queimadelos, promovidas polas asociacións de veciños Carballo da Armada, Lougariños e Xabriña, resaltou que o factor que tiña animado á Dirección Xeral de Turismo a efectuar estas inversións fora a sensibilidade e o especial dinamismo demostrados polo tecido asociativo local, ao que animou a seguir traballando para lograr establecer, entre todos, un referente turístico.

Inmerso nun escenario de atardecer de outono, o Director Xeral de Turismo amosou a súa satisfacción polos resultados apreciados e destacou a conveniencia do establecemento no medio rural dun sistema turístico enlazado de espazos de lecer, de contacto e reencontro coa natureza, que beneficie aos veciños e tamén aos visitantes desta comarca, que conta cun balneario emblemático en Galiza e unha abundante oferta de casas de turismo rural.

